

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE XULLO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 24 de xullo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 20 de xullo de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Jose Ángel Otero Lamas asiste aos puntos 6a e 6b por delegación de D. Jerónimo Centrón Castaños de data 24 de xullo de 2018.
D. Alvaro Crespo Casal asiste aos puntos 8a e 9a e por delegación de D. José Angel Hermida Fernández de data de 24 de xullo de 2018 asiste aso puntos 9a e 9b.

Secretaria: D^a.Carmen Pintado García

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 17 de xullo de 2018

Apróbase a acta da sesión do 17 de xullo de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda e D^a. María Jesús Lago Rey.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

Entrégase o informe asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe da Area de Inversións do 20 de xullo de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- HIDROMIÑO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:57	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA346-5638BA-588FA5-RTHFCP-2UTV6Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- C.D.INDEPO, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441)

Entrégase o informe asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe da Área de Inversións do 20 de xullo de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- CIVIS GLOBAL, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo Xefe de Área de Inversións o 19 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

Presente na sesión o Xefe de Área de Inversións pon de releve e aclara que o apartado 9.A.2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares fixa un umbral mínimo de puntuación e determina que "*serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada*". A continuación propón á Mesa de contratación a exclusión das ofertas presentadas polos licitadores que de seguido se relacionan, por non acadar o umbral do 50%, cuantificada en 50 puntos:

- LOTE Nº1 :SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE Nº3: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOETE Nº 4: DANNERBOOTS, S.L.

b) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo Xefe da Área de Servizos Xerais o 20 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:57	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA346-5638BA-588FA5-RTHFCP-2UTV6Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440)

A Mesa, á vista do citado informe, acepta, por unanimidade dos seus membros asistentes á presente sesión, o informe asinado polo Xefe de Área de Inversións o 19 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" e acorda a exclusión deste procedemento dos licitadores que de seguido se relacionan por non acadar o umbral do 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor, cuantificado en 50 puntos, previsto no apartado 9.A.2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares ("*serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada*"):

- LOTE Nº1 :SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE Nº3: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOETE Nº 4: DANNERBOOTS, S.L.

b) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmante dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo Xefe da Área de Servizos Xerais o 20 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:57	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA346-5638BA-588FA5-RTHFCP-2UTV6Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		